

RESOLUCIÓN REITORAL DO 3 DE OUTUBRO DE 2011 POLA QUE SE ORDENA A APLICACIÓN DO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN PARA A VALORACIÓN DE EXPEDIENTES ACADÉMICOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO.

Con data 27 de xuño de 2011 a USC asinou un Protocolo de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a Valoración de Expedientes Académicos que deixa sen efecto o anterior do 23 de marzo de 2005 e que, fundamentalmente, adecúa a norma á nova realidade académica e legal. Cómpre, polo tanto, actualizar as normas internas ao disposto no dito protocolo, é, por iso, que,

Esta Reitoría, resolve:

#### **PRIMEIRO.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

1.1.- Na valoración dos expedientes académicos da USC, e na valoración de todos os expedientes dentro dos procedementos e convocatorias de concorrencia competitiva na USC, o cálculo de medias do expediente farase coas disposicións establecidas no convenio anexo a esta resolución.

1.2.- Só nos casos autorizados excepcionalmente, e nos supostos da norma cuarta do protocolo, poderán utilizarse criterios distintos aos establecidos nestas normas.

#### **SEGUNDO.- DESENVOLVEMENTO**

A Secretaría Xeral ditará as instrucións que sexan necesarias para a interpretación e posta en marcha do disposto nesta resolución.

#### **TERCEIRO.- ENTRADA EN VIGOR**

O disposto nesta resolución será de aplicación a partir da data da súa publicación. Ás convocatorias publicadas con anterioridade á presente resolución seranlles de aplicación as súas propias disposicións.

#### **CUARTO.- DERROGACIÓNS**

Quedan derogadas todas as normas que se opoñan ao disposto nesta resolución e, expresamente, a Instrución da Secretaría Xeral 2/2010 de 5 de febreiro de 2010, e a Resolución Reitoral do 19 de abril de 2005, pola que se aplicaba na USC o Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

Santiago de Compostela, a 3 outubro de 2011



O Reitor,

Juan José Casares Long

**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA E VIGO PARA A VALORACIÓN DE EXPEDIENTES ACADÉMICOS**

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2011

O *Protocolo de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a Valoración de Expedientes Académicos* actualmente en vigor e publicado o 23 de marzo de 2005, require dunha revisión profunda polos cambios normativos producidos dende entón.

Por outra banda e dado que os alumnos das universidades galegas utilizan as súas certificacións académicas persoais para participar en procesos de concorrencia competitiva tanto de ámbito autonómico como estatal, cómpre unificar un tipo de medias homoxénea coas establecidas no resto do Estado español. Deste xeito deben ser axustadas aos criterios estatais, tanto ás do Real Decreto 1125/2003 como as medias que deben incluírse no Suplemento Europeo ao Título (SET). Tamén é necesario incorporar a posibilidade de incluír a nota media da promoción e o posto que ocupa en relación coa mesma, por ser así demandado por múltiples convocatorias das distintas Administracións.

Para dar resposta a esta nova realidade, faise necesario modificar o citado protocolo, sendo conveniente que as universidades do Sistema Universitario de Galicia adopten criterios homoxéneos para as valoracións e o cálculo da nota media que de acordo co establecido no R.D. 1125/2003 e ao que deberán axustarse todos os procedementos que as institucións asinantes deste protocolo convoquen a partir da súa entrada en vigor.

Por todo o anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia.

**ACORDAN:**

### Primeiro.- OBXECTO

A nota media do expediente académico dos estudantes do Sistema Universitario de Galicia calcularase de acordo cos parámetros reflectidos no punto segundo deste protocolo.

### Segundo.- SISTEMA DE CÁLCULO

2º.1.- A nota media do expediente académico, calcularase para cada titulación e será o resultado da seguinte fórmula: Suma dos créditos superados multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, e dividida polo número de créditos totais superados.

2º.2.- Naqueles casos en que nun expediente non figure, en todas, ou nalgúns das materias, a cualificación cuantitativa establecida no Real Decreto 1125/2003, a cualificación cualitativa da materia converterase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

- Matrícula de honra. 10,00 puntos
- Sobresaliente. 9,00 puntos
- Notable. 7,50 puntos
- Aprobado. 5,50 puntos

Nos casos de estudos non organizados por créditos multiplicarase as cualificacións de cada materia establecidas segundo o disposto no parágrafo anterior, por 2 se se trata de materias anuais ou do proxecto de fin de carreira e por 1 se se trata de materias cuatrimestrais. Seguidamente a suma de todos estes produtos dividirase entre a suma do número de materias cursadas, multiplicadas por 2 se se trata de materias anuais ou, de ser o caso, do proxecto fin de carreira, e por 1 se se trata de materias cuatrimestrais.

2º.3.- Na valoración da nota media teranse en conta a totalidade das materias superadas polo alumno para a obtención do título. Así, computaranse os complementos de formación e os créditos que excedan dos mínimos requiridos, incluíndo os que correspondan a distintos itinerarios ou mencións tendo en conta o establecido no apartado 2.8.

2º.4.- Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos que non teñen cualificación ou figuren coa mención de apto, non se terán en conta para os efectos de cálculo da nota media. Da mesma forma, non se terán en conta para o cálculo da nota media do expediente os créditos de formación previa dos estudos oficiais de Master que non formen parte do Plan de Estudos.

As materias que figuren no expediente do alumno por transferencia de créditos non se terán en conta para o cálculo da nota media.

**2º.5.-** As materias adaptadas ou validadas de titulacións anteriores á estrutura do Real Decreto 1393/2007 nas que non se especifique a cualificación obtida tomarán o valor numérico 5,50.

As materias recoñecidas en titulacións de Grao e Máster nas que non se especifique a cualificación numérica por non ter equivalente no novo plan de estudos, non se computarán para a suma dos créditos superados.

**2º.6.-** Os proxectos de fin de carreira nos plans estruturados en créditos computarán polo número de créditos que teñan asignados no plan de estudos. Nos estudos non estruturados en créditos terán a mesma ponderación que unha materia anual.

**2º.7.-** No caso de que un alumno curse un segundo ciclo, procedente doutra titulación, considerarase que o seu expediente académico estará constituído polo primeiro ciclo completo da súa titulación de orixe e polo segundo ciclo da nova titulación.

A nota media total do expediente académico realizarase de forma ponderada entre o primeiro ciclo e o segundo ciclo, utilizando como coeficiente de ponderación os créditos superados en cada un dos ciclos. Se o primeiro ciclo foi superado nun plano de estudos non estruturado en créditos, establecerase como coeficiente de ponderación os créditos que resulten de facer a conversión das horas das materias superadas a créditos.

A nota media dos expedientes académicos de titulados universitarios que accedesen a cursos superiores ao primeiro, nas titulacións de Grao que establezan esta posibilidade na súa memoria verificada, calcularase conforme ao establecido no parágrafo anterior mediante ponderación entre a nota media dos estudos que lle permitiron o acceso e a nota media daqueles outros estudos que de forma obrigatoria tivo que superar no Grao.

**2º.8.-** As materias ou créditos que se terán en conta para o cálculo das notas medias serán as seguintes:

- Para os estudantes que non completaron os estudos teranse en conta os créditos totais superados.
- Para os estudantes que completaron os estudos e realicen o depósito do título computaranse todas as materias superadas ata esa data. As materias superadas ou recoñecidas unha vez realizado o depósito do título non se computarán para o cálculo da nota media.

**2º.9.-** As notas medias calcularanse cunha aproximación de catro decimais.

### Terceiro.- NOTA MEDIA DA PROMOCIÓN

En tanto non exista regulación específica, para o cálculo da nota media da promoción sumarase a nota media do expediente académico de todos os alumnos que obtiveran o título no mesmo curso académico calcularase conforme a este protocolo. O resultado dividirase entre o número total de alumnos integrantes da promoción.

A estes exclusivos efectos considerárase que obtiveron o título no mesmo curso académico e que forman parte da mesma promoción todos os alumnos que finalizaran os mesmos estudos ou que estean en condicións de obter o mesmo título, incluíndo, no seu caso, o proxecto de fin de carreira, ou traballo de fin grao ou master, así como os que obtiveran a totalidade de validacións e recoñecementos de créditos de acordo co calendario académico. Formarán parte da mesma promoción todos os alumnos que reunindo os requisitos sinalados anteriormente, finalicen os seus estudos nas mesmas datas, con independencia do plan de estudos que cursaran.

Esta información permitirá ranquear ao alumno en relación coa promoción e a posición do alumno con respecto á súa promoción e poderá incorporarse ás certificacións académicas persoais cando así o solicite o interesado.

Os alumnos que realicen varias especialidades, itinerarios diferenciados ou mencións poderán incluírse en varias promocións.

### Cuarto.- CERTIFICACIÓN DAS NOTAS MEDIAS E REMISIÓN DE INFORMACIÓN

As única media do expediente que terá que figurar nas certificacións académicas tanto persoais como oficiais, e no Suplemento Europeo ao Título (SET), será a calculada de acordo coa fórmula prevista neste documento, sen prexuízo de incluír calquera outra que legal ou regulamentariamente se estableza. Non obstante, para procesos competitivos determinados, poderanse utilizar índices correctores ou outros coeficientes de ponderación cando así o soliciten algunha das partes asinantes ou as súas entidades vinculadas ou dependentes. Nestes supostos procederase á súa expedición de oficio, sempre que sexa tecnicamente posible e previa autorización da universidade correspondente.

As partes asinantes do presente acordo e as súas entidades vinculadas ou dependentes, comprométese a axustar todos os seus procedementos e convocatorias ao cálculo de medias establecidas neste documento, procurando igualmente facelo extensivo a todas as convocatorias que convoque a Xunta de Galicia e os seus organismos.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo comprométese a cumprir o presente protocolo adoptando para iso todas as medidas necesarias para a súa aplicación.

Así mesmo establecerán mecanismos de transferencia da información, sempre que se cumpra coa normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

### Quinto.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

As partes asinantes do presente protocolo acordan constituír unha comisión de seguimento e interpretación do presente acordo formada por dúas persoas de cada parte. Esta comisión deberá adoptar criterios comúns ante calquera dúbida de interpretación, por petición de calquera das partes asinantes.

### Sexto.- ENTRADA EN VIGOR

Este protocolo entrará en vigor dende a súa publicación no DOG e terá unha vixencia indefinida a non ser que se denuncie por escrito, cunha antelación de dous meses, por algunha das partes asinantes.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubricano por quintuplicado exemplar no lugar e data expresados.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Asdo. Jesús Vázquez Abad

REITOR DA UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo. Juan Casares Long

REITOR DA UNIVERSIDADE DE A  
CORUÑA

Asdo. José María Barja Pérez

REITOR DA UNIVERSIDADE DE  
VIGO

Asdo. Salustiano Mato de la Iglesia